



ANPE ENTREVÍSTASE CO CONSELLEIRO JESÚS VÁZQUEZ E ESTE CONFÍRMALLE QUE NON HAI MODIFICACIÓN DA NORMATIVA DA XORNADA CONTINUADA EN GALICIA

Hoxe, martes 26 de maio, **ANPE** nun clima de cordialidade, **ANPE** formulou diversas cuestións a negociar, na procura de mellorar por unha banda as condicións de traballo dos docentes galegos e por outra a da calidade do ensino en Galicia (**ADXUNTAMOS TEXTO COMPLETO**).

Destacar:

O compromiso de colaborar na difusión dunha imaxe positiva dos profesionais da educación desenvolvendo campañas de dignificación e revalorización do labor docente.

- 1. Urxe establecer unha norma que regule a convivencia nos centros docentes da nosa Comunidade e que recolla os dereitos e deberes dos alumnos.**
- 2. Pór á disposición do profesorado a protección e a asistencia xurídica necesarias polo desempeño da súa función.**
- 3. Negociación do novo acordo retributivo, que leve á homologación retributiva co resto do Estado Español.**
- 4. A publicación inmediata do Decreto de Infantil, así como a elaboración e negociación dun Regulamento Orgánico Común.**
- 5. Reducións de rateos**
- 6. Dotación de administrativos a todos os centros.**

Desde **ANPE** fixemos fincapé en **APOIAR** e **DEFENDER** ante a ADM. CENTRAL os seguintes temas cruciais que precisan dunha **SOLUCIÓN URGENTE**:

- **Cláusula de revisión salarial.**
- **Eliminación do tope regulador de pensións.**
- **Gratuidade de medicamentos para os funcionarios xubilados.**
- **Mantemento da xubilación voluntaria anticipada.**



ANPE achega ao Conselleiro de Educación D. Jesús Vázquez a intensa campaña que intenta recuperar o *recoñecemento da autoridade docente no exercicio da súa función*, campaña que se está a trasladar a todos os centros de Galicia ao mesmo tempo que se intenta concienciar a sociedade galega para que se recupere a dignidade e o recoñecemento do seu traballo.

ANPE expuxo tamén a súa postura no que respecta ao uso do idioma no ensino solicitando un compromiso que se sustente en impulsar o multilingüismo nas aulas. Ao final do ensino obrigatorio, o alumnado galego debe ter plena competencia en ambas as dúas linguas cooficiais e mais nunha lingua estranxeira, alén de ser recomendable a iniciación e progreso nunha segunda lingua comunitaria que nos permita abrir as portas da libre circulación, en igualdade de condicións, cos outros alumnos da CEE.

Destacar a enérxica crítica que os dirixentes de **ANPE** dirixiron ao equipo da Consellaría nos seus plans de agrupamento de alumnos nos centros de infantil e primaria, opoñéndose de plano a medidas economicistas que soamente deterioran o Ensino público. Feito que levou hoxe o abandono da Mesa Sectorial por parte das organizacións sindicais e que o Conselleiro Jesús Vázquez tratou de “mal entendido” xa que e vontade da administración negociar ditos agrupamentos.

Xa para rematar **ANPE** entregou aos representantes da Administración copia da *ENQUISA PROFESORADO GALEGO 2009* recén presentada aos medios de comunicación galega e na que se reflicte a opinión do profesorado da nosa Comunidade en relación a distintas cuestións profesionais.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2009

ANPE-GALICIA

Para calquera ampliación desta información podedes chamar ó 615226371 (Julio Díaz)